

**Redes de
Telecomunicación
Galegas RETEGAL,
S.A.**

Contas Anuais

31 de decembro de 2013

Informe de xestión

Exercicio 2013

(Xunto co Informe de Auditoría)



KPMG Auditores S.L.
Fama, 1
15001 A Coruña

Informe de Auditoría de Contas Anuais

Para o Accionista Único de
Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Auditamos as contas anuais de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. (a Sociedade) que abranguen o balance ó 31 de decembro de 2013, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ó exercicio anual rematado en dita data. Os Administradores son responsables da formulación das contas anuais da Sociedade, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á entidade (que se identifica na nota 2 da memoria axuntada) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación de se a súa presentación, os principios e criterios contables utilizados e as estimacións realizadas están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.


Na nosa opinión, as contas anuais do exercicio 2013 axuntadas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. ó 31 de decembro de 2013 e dos resultados das súas operacións e dos fluxos de efectivo correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Sen que afecte a nosa opinión de auditoría, chamamos a atención respecto o sinalado na nota 25 da memoria adxunta, na que se indica que durante o exercicio 2013 a Sociedade viuse inmersa na decisión da Comisión Europea de considerar como axuda ilegal un importe de 17.086.636 euros recibido en exercicios anteriores pola Sociedade e concedido polo Reino de España para o despliegue da televisión dixital terrestre. Frente a esta situación a Sociedade iniciou un procedemento xudicial contra a Comisión Europea cuxo obxecto é a impugnación desta decisión. Á data deste informe o proceso está pendente de resolución. Estas condicións, indican a existencia dunha incertidumbre significativa sobre os posibles efectos, no seu caso, da resolución definitiva deste proceso nas contas anuais adxuntas.

A nosa auditoría foi realizada co obxecto de expresar a nosa opinión profesional sobre as contas anuais do exercicio 2013 da Sociedade no seu conxunto. A información suplementaria incluída na conta de perdas e ganancias preséntase co obxecto de reflectir unha conciliación entre o resultado contable e o resultado operativo do exercicio estimado por Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. e, polo tanto, non forma parte das contas anuais obxecto da nosa auditoría.

O informe de xestión axuntado do exercicio 2013 contén as explicacións que os Administradores consideran oportunas sobre a situación de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., a evolución dos seus negocios e sobre outros asuntos e non forma parte integrante das contas anuais. Verificamos que a información contable que contén o citado informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2013. O noso traballo como auditores limitase á verificación do informe de xestión co alcance mencionado neste mesmo párrafo e non inclúe a revisión de información distinta da obtida a partir dos rexistros contables da Sociedade.

KPMG Auditores, S.L.



Daniel Fraga Romero

12 de mayo de 2014



Miembro ejerciente:
KPMG AUDITORES, S.L.

Año 2014 Nº 04/14/00206
SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

.....
Informe sujeto a la tasa establecida en el
artículo 44 del texto refundido de la Ley
de Auditoría de Cuentas, aprobado por
Real Decreto Legislativo 1/2011 de 3 de Julio
.....

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Balances

31 de decembro de 2013 e 2012

(Expresados en euros)

	Nota	2013	2012
Inmovilizado intanxible	5	21.448	36.188
Patentes, licencias, marcas e similares		916	1.426
Aplicacións informáticas		20.532	34.762
Inmovilizado material	6	2.365.641	2.683.988
Terreos e construcións		361.544	395.746
Instalacións técnicas, maquinaria, utillaxe, mobiliario, e outro inmovilizado material		2.004.097	2.288.242
Inversións financeiras a longo prazo		60	60
Outros activos financeiros		60	60
Activo por imposto diferido	20	42.017	-
Total activos no correntes		2.429.166	2.720.236
Existencias	11	10.490	16.974
Anticipos a provedores		10.490	16.974
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	10	6.955.273	7.369.856
Clientes por vendas e prestacións de servizos curto prazo		1.022.321	1.307.782
Clientes empresas do grupo e asociadas a curto prazo		5.735.775	5.874.581
Debedores varios		200	200
Persoal		571	1.748
Activos por imposto corrente		58.899	96.567
Outros créditos con as Administracións Públicas		137.507	88.978
Periodificacións a curto prazo	12	11.039	7.812
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	13	1.074.991	716.038
Tesourería		1.074.991	716.038
Total activos correntes		8.051.793	8.110.680
Total activo		10.480.959	10.830.916

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Balances

31 de decembro de 2013 e 2012

(Expresados en euros)

	Nota	2013	2012
Fondos propios	14	792.618	443.082
Capital		60.110	60.110
<i>Capital escriturado</i>		60.110	60.110
Reservas		174.173	120.888
<i>Legal e estatutarias</i>		11.992	6.665
<i>Outras reservas</i>		162.181	114.223
Outras achegas de socios		208.799	208.799
Resultado do exercicio		349.536	53.285
Subvencións, doazóns e legados recibidos	15	1.724.873	1.874.623
Total patrimonio neto		2.517.491	2.317.705
Provisións a longo prazo	16	-	18.300
Outras provisións		-	18.300
Pasivos por imposto diferido	20	738.950	803.131
Total pasivos no correntes		738.950	821.431
Débedas a curto prazo	17	124.952	75.272
Outros pasivos financeiros		124.952	75.272
Acredores comerciais e outras contas a pagar	18	7.088.701	7.607.580
Acredores varios		6.598.018	7.116.461
Persoal (remuneracións pendentes de pago)		112.704	210.885
Pasivo por imposto corrente	20	130.403	-
Outras débedas con as Administracións Públicas	20	247.263	195.262
Anticipos de clientes		313	84.972
Periodificacións a curto prazo		10.865	8.928
Total pasivos correntes		7.224.518	7.691.780
Total patrimonio neto e pasivo		10.480.959	10.830.916

MSS

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2013.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Contas de Perdas e Ganancias

para os exercicios anuais terminados en
31 de decembro de 2013 e 2012

(Expresadas en euros)

	Nota	2013	2012
Importe neto da cifra de negocios	23	11.356.918	12.403.187
Prestacións de servizos		11.356.918	12.403.187
Aprovisionamentos	23	(4.881.192)	(5.538.414)
Consumo de materias primas e outras materias consumibles		(4.495.511)	(5.269.594)
Traballos realizados por outras empresas		(385.681)	(268.820)
Outros ingresos de explotación		6.252	-
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		2.499	-
Subvención de explotación incorporadas ao resultado do exercicio		3.753	-
Gastos de persoal		(2.761.139)	(2.702.651)
Soldos, salarios e asimilados		(2.184.400)	(2.149.480)
Cargas sociais	23	(576.739)	(553.171)
Outros gastos de explotación		(3.360.544)	(3.931.224)
Servizos exteriores		(2.848.834)	(3.369.319)
Tributos		(3.912)	(5.749)
Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	10	(507.798)	(556.156)
Amortización do inmovilizado	5 y 6	(466.854)	(510.832)
Imputación de subvencións de inmovilizado no financeiro e outras	15	359.433	417.623
Exceso de provisións	16	18.300	-
Outros resultados	23	223.464	(14.355)
Resultado de explotación		494.638	123.334
Ingresos financeiros		4.699	4.568
De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
De terceiros		4.699	4.568
Resultado financeiro		4.699	4.568
Resultado antes de impostos		499.337	127.902
Imposto beneficios exercicio	20	(149.801)	(74.617)
Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas		349.536	53.285
Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas		349.536	53.285
Achegas do Accionista Único á explotación (nota 4 (g))		-	120.663
Resultado operativo do exercicio		349.536	173.948

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
Correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2013 e 2012

A) Estados de Ingresos e Gastos Recoñecidos
correspondente aos exercicios anuais terminados en 31 de decembro de 2013 e 2012

(Expresados en euros)

	Nota	2013	2012
Resultado da conta de perdas e ganancias		349.536	53.285
Subvencións, doazóns e legados	15	145.503	119.341
Efecto impositivo	15	(43.650)	(35.802)
Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto		101.853	83.539
Subvencións, doazóns e legados	15	(359.433)	(417.623)
Efecto impositivo	15	107.830	125.287
Total transferencias a conta de perdas e ganancias		(251.603)	(292.336)
Total de ingresos e gastos recoñecidos		199.786	(155.512)

MSS

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2013.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2013 e 2012

B) Estado Total de Cambios no Patrimonio Neto correspondente ao exercicio anual terminado a 31 de decembro de 2013

	Euros (Expresado en euros)					
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo ó 1 de xaneiro de 2013	60.110	120.888	53.285	208.799	1.874.623	2.317.705
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	349.536	-	(149.750)	199.786
Outras variación do patrimonio neto	-	53.285	(53.285)	-	-	-
Saldo ó 31 de decembro de 2013	60.110	174.173	349.536	208.799	1.724.873	2.517.491

B) Estado Total de Cambios no Patrimonio Neto correspondente ao exercicio anual terminado a 31 de decembro de 2012

	Euros					
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo ó 1 de xaneiro de 2012	60.110	120.888	(286.875)	375.011	2.083.420	2.352.554
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	53.285	-	(208.797)	(155.512)
Operacións con socios e propietarios Achegas do Accionista Unico	-	-	-	120.663	-	120.663
Outras variación do patrimonio neto	-	-	286.875	(286.875)	-	-
Saldo ó 31 de decembro de 2012	60.110	120.888	53.285	208.799	1.874.623	2.317.705

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2013.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Estados de Fluxos de Efectivo
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2013 e 2012

(Expresado en euros)

	Nota	2013	2012
Resultado do exercicio antes de impostos		499.337	127.902
Axustes ao resultado			
Amortización do resultado	5 y 6	466.854	510.832
Correccións valorativas por deterioro	10	507.798	556.156
Variación de provisións	16	(18.300)	-
Imputación de subvencións	15	(359.433)	(417.623)
Ingresos financeiros		(4.699)	(4.568)
Outros ingresos e gastos		13.671	31.873
Cambios no capital circulante			
Existencias		6.484	(5.837)
Debedores e contas a cobrar		(83.531)	(4.438.655)
Outros activos correntes		(50.577)	115.176
Acredores e outras contas a pagar		(572.029)	2.950.139
Outros pasivos correntes		(130.841)	190.721
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación			
Cobros de intereses		4.699	4.568
Pagos (cobros) por imposto sobre beneficios		(23.747)	133.448
Fluxos de efectivo das actividades de explotación		255.686	(245.868)
Fluxos de efectivo das actividades de inversión			
Pagos por investimentos			
Inmovilizado intanxible	5	(17.136)	(8.684)
Inmovilizado material		(13.365)	(40.918)
Outros activos financeiros		-	(60)
Fluxos de efectivo das actividades de inversión		(30.501)	(49.662)
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento			
Achegas de socios		-	120.663
Subvencións, doazóns e legados recibidos	15	133.768	88.978
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento		133.768	209.641
Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes		358.953	(85.889)
Efectivo ou equivalentes o comezo do exercicio		716.038	801.927
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio		1.074.991	716.038

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2013.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(1) Natureza, e actividades da Sociedade

REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A. (a Sociedade) nace no mes de febreiro do 1998, a raíz do Decreto da Xunta de Galicia 58/1997, que supuxo o primeiro paso para a reorganización dos sistemas de telecomunicacións en Galicia, incardinándoos nesta Sociedade coa fin de mellorar a súa organización, ampliar a súa eficiencia e rendibilidade económico-social, e xestionar a innovación e adaptación a un contorno en continuo desenvolvemento, como son as actividades con forte presenza de I+D.

Completando os requisitos xurídico -mercantís precisos para a constitución da Sociedade, outorgouse a correspondente escritura de constitución o día 7 de abril do 1998, quedando definitivamente inscrita no Rexistro Mercantil competente o día 26 de maio dese mesmo ano.

Segundo o art. 2 dos Estatutos, o obxecto social da Sociedade é o establecemento e explotación de redes e máis a prestación de servizos de telecomunicacións a terceiros, para o que obterá os títulos que a habiliten e que sexan en cada momento necesarios. Asemade terá como obxecto a realización por si, ou a través de terceiros, da xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación en Galicia, o seu mantemento e máis a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que corresponden á Xunta de Galicia.

En especial, e con carácter non excluínte, a Sociedade terá as seguintes funcións respecto das infraestruturas, servizos e sistemas de telecomunicacións da Xunta de Galicia:

- Xestión de infraestruturas, servizos e sistemas de telecomunicacións.
- Elaboración de propostas de xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións.
- Mantemento de infraestruturas, sistemas e servizos relacionados coas telecomunicacións.
- Mantemento e xestión das infraestruturas e equipamento da rede de transporte e difusión utilizada pola Radio e a Televisión de Galicia.
- Deseño de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións.
- Análises de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións.
- Asesoramento técnico na toma de decisións pola Administración galega en materia de telecomunicacións.
- Formación de persoal técnico, mediante a organización, promoción de cursos e outras posibilidades de formación para a implantación de sistemas e mais a prestación de servizos.
- Xestionar a explotación das Redes de Telecomunicacións.
- Participación noutras sociedades, que poderá acordarse coas autorizacións previas legalmente previstas.
- Implantación e posta en marcha de calquera tipo de redes e servizos de telecomunicacións.
- En xeral, calquera actividade comercial ou industrial que estea directamente relacionada con estas funcións, e coa explotación de redes e servizos de telecomunicacións.

A Sociedade divide o seu devir económico en exercicios sociais que coinciden co ano natural.

MSS (Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(2) Bases de presentación(a) Imaxe fiel

As contas anuais formuláronse a partires dos rexistros contables de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. As contas anuais do exercicio 2013 preparáronse de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade, co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio y da situación financeira ao 31 de decembro de 2013 e dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos fluxos de efectivo correspondentes aos exercicios anuais terminados en ditas datas.

Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais do exercicio 2013, van ser aprobadas polo Accionista Único sen modificación algunha.

(b) Comparación da información

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2013, as correspondentes ao exercicio anterior, que formaban parte das contas anuais do exercicio 2012 aprobadas polo Accionista Único con data 20 de xuño de 2013.

(c) Moeda funcional e de presentación

As contas anuais presentanse en euros, que é a moeda funcional e de presentación da Sociedade.

(d) Aspectos críticos de la valoración y estimación de las incertidumbres y juicios relevantes en la aplicación de políticas contables

As Contas Anuais, así como os detalles e explicacións inherentes contidos na presente Memoria, preséntanse sobre a base da continuidade ilimitada na xestión e non a efectos de calcular o valor liquidativo ou de alleamento do patrimonio da Sociedade.

A elaboración das contas anuais require da adopción de certos xuízos e estimacións que afectan á aplicación das políticas contables e a impórtes rexistrados de certos activos, pasivos, ingresos e gastos. As estimacións son constantemente revisadas e están baseadas na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se creen razoables baixo estas circunstancias.

Malia que estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible na data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, é posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (ao alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

(e) Financiación das actividades de explotación da Sociedade

A Sociedade financia as súas actividades a través dos recursos propios obtidos, así como a través de achegas á explotación realizadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), imputandoas ó patrimonio neto na partida Outras achegas de socios. No obstante, no exercicio 2013 a Sociedade non recibiu ningunha destas axudas. O importe recibido no exercicio 2012 ascendeu a 120.663 euros.

Handwritten signatures and initials, including 'MSS'.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(3) Distribución de Resultados

A distribución do resultado da Sociedade do exercicio finalizado o 31 de decembro de 2012, aprobada pola Xunta Xeral de Accionistas o 20 de xuño de 2013 así como a proposta de distribución do resultado do exercicio 2013 da Sociedade que se propón ó Accionista Único son as seguintes:

	Euros	
	2013	2012
Bases de reparto		
Beneficio do exercicio	<u>349.535,58</u>	<u>53.285,22</u>
Distribución		
Reserva legal	34.953,55	5.328,52
Reserva voluntaria	<u>314.582,03</u>	<u>47.956,70</u>
	<u>349.535,58</u>	<u>53.285,22</u>

Os beneficios imputados directamente o patrimonio neto non poden ser obxecto de distribución, nin directa nin indirectamente.

Ao 31 de decembro, os importes das reservas non distribuibles se corresponden con Reserva Legal por importe de 11.992 euros (6.665 euros en 2012).

(4) Normas de Rexistro e Valoración(a) Inmovilizado intanxible

Os activos incluídos no inmovilizado intanxible figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou seu custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción, no seu caso, se realiza a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. O inmovilizado intanxible se presenta no balance polo seu valor de custo minorado no importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro acumuladas.

(i) Patentes e licencias

Contabilízanse pola totalidade dos custos derivados da adquisición en firme dos dereitos correspondentes, a través da súa inscrición no rexistro competente.

(ii) Aplicacións informáticas

Preséntanse valoradas polo seu custo de adquisición ao provedor correspondente, ou ben polos custos de produción cando os elementos contabilizados son desenvolvidos pola propia Sociedade. Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas considéranse gastos no tempo no que se incorre neles.

(iii) Custos posteriores

Os custos posteriores nos que se incorra no inmovilizado intanxible se rexistran como gasto, agás que aumenten os beneficios económicos futuros esperados dos activos.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(iv) Vida útil e Amortizacións

A Sociedade valúa para cada inmovilizado intanxible adquirido se a vida útil e finita ou indefinida. Deste xeito, se considera que un inmovilizado intanxible ten vida útil indefinida cando non existe un límite previsible no período perante o que vai xerar entrada de fluxos netos de efectivo.

A amortización dos inmovilizados intanxibles con vidas útiles finitas se realiza distribuindo o importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	Método de amortización	Anos de vida útil estimada
Patentes e licencias	Lineal	5
Aplicacións informáticas	Lineal	3

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización dos inmovilizados intanxibles no peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

(b) Inmovilizado material(i) Recoñecemento inicial

Os activos incluídos no inmovilizado material figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción se realiza a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. Os ingresos accesorios obtidos no período de probas e posta en marcha se recoñecen como unha minoración dos custos incorridos. O inmovilizado material se presenta no balance polo seu valor de custo minorado polo importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro que se teñan acumuladas.

O custo do inmovilizado material inclúe a estimación dos custos de desmantelamento ou retiro, así como de a rehabilitación do lugar sobre o que se encontra situado, sempre que constitúan obrigas nas que se teñan incorridas como consecuencia do uso e con propósito distinto da produción de existencias.

Os pezas de recambio destinadas a ser montadas en instalacións, equipos e máquinas para substituír a outras semellantes, se valoran seguindo os criterios expostos anteriormente. As pezas con ciclo de almacenamento inferior o ano se rexistran como existencias. As pezas con ciclo de almacenamento superior o ano e que corresponden de maneira exclusiva a determinados activos se rexistran e amortizan conxuntamente cos mesmos, e noutro caso se rexistran como outro inmovilizado e se amortizan liñalmente no período estimado de substitución.

Contabilízanse como activos materiais os dereitos sobre bens adscritos, e os dereitos de uso, que a través dos Decretos 365/1998 e 156/200 se adscriben á Sociedade xa que a través dos mesmos, se desafectan estes bens do dominio público e adquiren natureza patrimonial da Sociedade co fin da súa xestión e explotación no ámbito do obxecto social da Sociedade. Estes bens incorpóranse ao activo en función do valor neto contable notificado polo organismo que adscribe o ben, ou no seu caso, ao anterior beneficiario do dereito de adscripción. A amortización verificase de xeito lineal, tomando como base o custo orixinario, que foi facilitado en casos pola CRTVG, e en casos pola Xunta de Galicia, e en función da vida útil restante dos bens adquiridos. Os mencionados bens, cun custo total de 5,30 millóns de euros encóntranse totalmente amortizados.

Handwritten signatures and initials, including 'MSS'.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

Pola súa banda, os dereitos reais sobre terreos e os dereitos de uso de infraestructuras de telecomunicacións, incorporados ao activo polo seu prezo de adquisición, amortízanse no período de vixencia do respectivo dereito, no caso de que exista, non amortizándose noutro caso.

(ii) Amortizacións

A amortización dos elementos de inmovilizado material se realiza distribuíndo o seu importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil. Se entende por importe amortizable o custo de adquisición menos o seu valor residual. A Sociedade determina o gasto de amortización de xeito independente para cada compoñente que teña un custo significativo en relación o custo total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A amortización dos elementos do inmovilizado material se determina mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	<u>Método de amortización</u>	<u>Anos de vida útil estimada</u>
Construcións	Liñal	14
Instalacións	Liñal	6 a 12
Maquinaria	Liñal	5 a 12
Mobiliario	Liñal	10
Equipos informáticos	Liñal	4
Elementos de transporte	Liñal	7
Outro inmovilizado	Liñal	3 a 12

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmovilizado material ao peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

(iii) Custos posteriores

Con posterioridade o recoñecemento inicial do activo, só se capitalizan aqueles custos que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alargamento da vida útil, téndose que dar de baixa o valor contable dos elementos substituídos. Deste xeito, os custos de mantemento diario do inmovilizado material se rexistran nos resultados na medida que vaise incorrindo neles.

(c) Arrendamentos

A Sociedade ten cedido o dereito de determinados activos baixo contratos de arrendamento.

Os arrendamentos nos que o contrato transfere a Sociedade todos os riscos e beneficios inherentes a propiedade dos activos se clasifican como arrendamentos financeiros e noutro caso se clasifican como arrendamentos operativos.

A Sociedade avalía o fondo económico dos contratos co obxecto de determinar a existencia de arrendamentos implícitos. Un contrato contén un arrendamento si o cumprimento do acordo depende do uso dun activo ou activos específicos. Nestes casos, a Sociedade separa no inicio do contrato, en función dos seus valores razoables, os pagamentos e contraprestacións relativos o arrendamento dos correspondentes o resto de elementos incorporados o acordo. Os pagamentos relativos o arrendamento se rexistran mediante a aplicación dos criterios os que se fai referencia neste apartado.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Memoria das Contas Anuais

As cotas derivadas dos arrendamentos operativos, netas dos incentivos recibidos, se recoñecen como gasto de xeito liñal durante o prazo de arrendamento, agás que sexa máis representativa outra base sistemática de reparto o recoller mellor o patrón temporal dos beneficios do arrendamento.

(d) Instrumentos financeiros

(i) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros se clasifican no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e con as definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Sociedade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo as características e as intencións da Dirección no tempo do seu recoñecemento inicial.

As operacións de compra ou venda de activos financeiros instrumentadas mediante contratos convencionais, entendidos como aqueles nos que as obrigas recíprocas das partes deben consumirse dentro dun marco temporal establecido pola regulación ou polas convencións do mercado e que no poden liquidarse por diferencias, se recoñecen na data de contratación ou liquidación.

(ii) Principios de compensación

Un activo financeiro e un pasivo financeiro son obxecto de compensación só cando a Sociedade ten o dereito esixible de compensar os importes recoñecidos e ten a intención de liquidar a cantidade neta ou de realizar o activo e cancelar o pasivo simultaneamente.

(iii) Préstamos e partidas a cobrar

Os préstamos e partidas a cobrar se compoñen de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo distintos de aqueles clasificados noutras categorías de activos financeiros. Estes activos se recoñecen polo seu valor razoable, incluíndo os custos de transacción incorridos, e se valoran posteriormente polo custo amortizado, utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Nembargantes, os activos financeiros que no teñan un tipo de xuro establecido, nos que o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo se valoran polo seu valor nominal.

(iv) Xuros e dividendos

Os xuros se recoñecen polo método do tipo de xuro efectivo.

(v) Baixas de activos financeiros

Os activos financeiros danse de baixa contable cando os dereitos a recibir fluxos de efectivo relacionados cos mesmos teñen vencido, ou transferido e a Sociedade traspasou substancialmente os riscos e beneficios derivados da titularidade.

A baixa dun activo financeiro na súa totalidade implica o recoñecemento de resultados pola diferenza existente entre o seu valor contable e a suma da contraprestación recibida, neta dos gastos da transacción, incluíndo os activos obtidos ou pasivos asumidos e calquera perda ou ganancia diferida nos ingresos e gastos recoñecidos no patrimonio neto.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(vi) Deterioro de valor de activos financeiros

Un activo financeiro ou grupo de activos financeiros considerase deteriorado e se ten producido unha perda por deterioro si existe evidencia obxectiva do deterioro como resultado dun ou mais eventos producidos despois do recoñecemento inicial do activo, e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fluxos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros que poida ser estimado con fiabilidade.

A Sociedade sigue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioro dos préstamos e partidas a cobrar, cando se ten producido unha redución ou retardo nos fluxos de efectivo estimados futuros motivados pola insolvencia do debedor.

A perda por deterioro se recoñece con cargo os resultados e se considera reversible en exercicios posteriores si a diminución pode ser obxectivamente relacionada con un evento posterior o seu recoñecemento. Nembargantes, a reversión da perda ten como límite o custo amortizado que tiveran os activos senón se tivera rexistrada a perda por deterioro de valor.

(e) Existencias

As existencias se valoran inicialmente polo custo de adquisición ou produción.

O custo de adquisición inclúe o importe facturado polo vendedor despois de deducir calquera desconto, rebaixa ou outras partidas similares así como xuros incorporados o nominal dos débitos, máis os gastos adicionais que se producen ata que os bens estean situados para a súa venda e outros directamente imputables á adquisición e os impostos indirectos no recuperables da Facenda Pública.

Non obstante, a Sociedade inclúe no custo de adquisición os xuros incorporados os débitos con vencemento non superior a un ano que non teñen tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos por provedores se recoñecen no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución do custo das existencias que os causaron e o exceso, no seu caso, como unha minoración da partida aprovisionamentos da conta de perdas e ganancias.

O custo das materias primas e outros aprovisionamentos se asigna ás distintas unidades das existencias mediante a aplicación do método FIFO.

O valor de custo das existencias é obxecto de corrección valorativa naqueles casos nos que o seu custo exceda ao seu valor neto realizable.

A corrección valorativa recoñecida previamente se reverte contra resultados, si as circunstancias que causaron a rebaixa do valor ten deixado de existir ou cando existe unha clara evidencia dun incremento do valor neto realizable como consecuencia dun cambio nas circunstancias económicas. A reversión da corrección valorativa ten como límite o menor do custo e do novo valor neto realizable das existencias.

(f) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén se inclúen baixo este concepto outros investimentos a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan facilmente convertibles en importes determinados de efectivo e que teñan un risco insignificante de cambios de valor. Deste xeito se inclúen os investimentos con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.

(Continúa)

(g) Subvencións, donacións e legados

As subvencións, donacións e legados se contabilizan como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando se obtén a concesión oficial das mesmas e se teñen cumprido as condicións para a súa concesión ou non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

As subvencións, donacións e legados de carácter monetario se valoran polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario polo valor razoable do activo recibido.

En exercicios posteriores as subvencións, donacións e legados se imputan os resultados atendendo a súa finalidade.

As subvencións de capital se imputan o resultado do exercicio en proporción á amortización correspondente os activos financiados coas mesmas ou, no seu caso, cando se produza a enaxenación, baixa o corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

No caso de activos non depreciables, a subvención impútase a resultados do exercicio no que se produce a enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

As subvencións para financiar gastos específicos se imputan a ingresos no exercicio que se devengan os gastos financiados.

As subvencións concedidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) outorgadas para financiar déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento da empresa, non asociadas a nengunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense directamente no patrimonio neto no epígrafe de Outras achegas de socios.

(h) Provisións(i) Criterios xerais

Os importes recoñecidos no balance corresponden á mellor estimación á data de peche dos desembolsos necesarios para cancelar a obriga presente, unha vez considerados os riscos e incertidumbres relacionados coa provisión e, cando resulte significativo, o efecto financeiro producido polo desconto, sempre que se poida determinar con fiabilidade os desembolsos que se van a efectuar en cada período. O tipo de desconto se determina antes de impostos, considerando o valor temporal do diñeiro, así como os riscos específicos que non teñen sido considerados nos fluxos futuros relacionados coa provisión.

As obrigas individuais se valoran polo desenlace individual que resulta máis probable.

O efecto financeiro das provisións se recoñece como gastos financeiros na conta de perdas e ganancias.

As provisións non inclúen o efecto fiscal, nin as ganancias esperadas pola enaxenación ou abandono de activos.

As provisións se reverten contra resultados cando non é probable que exista unha saída de recursos para cancelar tal obriga.

(ii) Provisións por desmantelamento, restauración e similares

As provisións as que se fai referencia neste apartado se recoñecen seguindo os criterios xerais de recoñecemento de provisións e se rexistran como maior valor de custo dos elementos de inmovilizado material cos que se encontran relacionados cando xurdan pola adquisición ou construción dos mesmos.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(i) Ingresos por venda de bens e prestación de servicios

Os ingresos pola venda de bens ou servicios se recoñecen polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, se rexistran como unha minoración dos mesmos.

Nembargantes, a Sociedade inclúe os xuros incorporados os créditos comerciais con vencemento non superior o ano que non teñen un tipo de xuro contractual cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos ós clientes se recoñecen no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

(i) Prestación de servicios

Os ingresos derivados da prestación de servicios se recoñecen considerando o grao de realización á data de peche cando o importe dos ingresos, o grao de realización, os custos incorridos e os pendentes de incurrir poden ser valorados con fiabilidade e é probable que se reciban os beneficios económicos derivados da prestación do servicio.

No caso de prestacións de servicios das que o resultado final non pode ser estimado con fiabilidade, os ingresos só se recoñecen ata o límite dos gastos recoñecidos que sexan recuperables.

A Sociedade evalúa periodicamente si algún contrato de prestación de servicios ten carácter oneroso e recoñece, no seu caso, as provisiones necesarias de acordo cos criterios establecidos no apartado (h) provisiones.

(j) Imposto sobre beneficios

O gasto ou ingreso polo imposto sobre beneficios comprende tanto o imposto corrente como o imposto diferido.

Os activos ou pasivos por imposto sobre beneficios corrente se valoran polas cantidades que se espera pagar ou recuperar das autoridades fiscais, utilizando a normativa e tipos impositivos vixentes ou aprobados e pendentes de publicación na data de peche do exercicio.

O imposto sobre beneficios corrente ou diferido se recoñece en resultados, agás que xurda dunha transacción ou suceso económico que se ten recoñecido no mesmo exercicio ou en outro diferente contra patrimonio neto ou ben dunha combinación de negocios.

(i) Recoñecemento de diferencias temporarias impositivas

As diferenzas temporais son recoñecidas en todos os casos agás que proveñan do recoñecemento inicial do fondo de comercio ou dun activo ou pasivo nunha transacción que non é unha combinación de negocios e que na data da transacción non afecta nin ó resultado contable nin á base impositiva fiscal.

MISS
(Continúa)

(ii) Recoñecemento de diferenzas temporarias deducibles

As diferenzas temporais deducibles son recoñecidas cando sexa probable que existan bases impositivas positivas suficientes para a súa compensación agás nos casos en que as diferenzas xurdan do recoñecemento inicial de activos ou pasivos nunha transacción que non é unha combinación de negocios e na data da transacción non afecta nin ó resultado contable nin á base impositiva fiscal.

(iii) Valoración

Os activos e pasivos por imposto diferido se valoran polos tipos impositivos que vaian ser de aplicación nos exercicios nos que se espera realizar os activos ou facer o pagamento dos pasivos, partindo da normativa e tipos que están vixentes ou aprobados e pendentes de publicación e unha vez consideradas as consecuencias fiscais que se derivarán da xeito en que a Sociedade espera recuperar os activos ou liquidar os pasivos.

(iv) Compensación e clasificación

A Sociedade só compensa os activos e pasivos por imposto sobre beneficios corrente si existe un dereito legal fronte as autoridades fiscais e ten a intención de liquidar as débedas que resulten polo seu importe neto ou ben realizar os activos e liquidar as débedas de xeito simultáneo.

Os activos e pasivos por imposto diferido se recoñecen no balance como activos ou pasivos non correntes, independentemente da data esperada de realización ou liquidación.

(k) Medioambiente

A Sociedade realiza cando é necesario operacións co propósito principal de previr, reducir ou reparar o dano que como resultado das súas actividades poida producir no medio ambiente.

Os gastos derivados das actividades medioambientais se recoñecen como Outros gastos de explotación no exercicio no que se incorren.

(5) Inmovilizado Intanxible

A composición e o movemento nas contas incluídas no inmovilizado intanxible durante os exercicios 2013 e 2012 teñen sido os seguintes:

	2013 (Euros)		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo ó 1 de xaneiro de 2013	6.403	318.775	325.178
Altas	-	17.136	17.136
Custo ó 31 de decembro de 2013	6.403	335.911	342.314
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2013	(4.977)	(284.013)	(288.990)
Amortizacións	(510)	(31.366)	(31.876)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2013	(5.487)	(315.379)	(320.866)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2013	916	20.532	21.448

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

	2012 (Euros)		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo ó 1 de xaneiro de 2012	6.403	310.091	316.494
Altas	-	8.684	8.684
Custo ó 31 de decembro de 2012	6.403	318.775	325.178
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2012	(4.467)	(233.121)	(237.588)
Amortizacións	(510)	(50.892)	(51.402)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2012	(4.977)	(284.013)	(288.990)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2012	1.426	34.762	36.188

(a) Bens totalmente amortizados

O custo dos inmovilizados intanxibles que están totalmente amortizados e que axíña están en uso ó 31 de decembro é como sigue:

	Euros	
	2013	2012
Licencias	3.536	3.536
Aplicacións informáticas	309.389	214.142
	312.925	217.678

MCS

 (Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(6) Inmovilizado Material

A composición e o movemento nas contas incluídas no Inmovilizado material se recollen no seguinte cadro:

	2013 (Euros)					Total
	Terrenos	Construcións	Instalacións técnicas e maquinaria	Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	
Custo ó 1 de xaneiro de 2013	123.627	496.570	11.564.528	133.418	923.258	13.241.401
Altas	-	-	114.697	-	1.934	116.631
Custo ó 31 de decembro de 2013	123.627	496.570	11.679.225	133.418	925.192	13.358.032
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2013	-	(224.451)	(9.425.534)	(85.707)	(821.721)	(10.557.413)
Amortizacións	-	(34.202)	(350.021)	(8.752)	(42.003)	(434.978)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2013	-	(258.653)	(9.775.555)	(94.459)	(863.724)	(10.992.391)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2013	123.627	237.917	1.903.670	38.959	61.468	2.365.641

	2012 (Euros)					Total
	Terrenos	Construcións	Instalacións técnicas e maquinaria	Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	
Custo ó 1 de xaneiro de 2012	123.627	496.570	11.495.769	133.418	912.116	13.161.500
Altas	-	-	68.759	-	11.142	79.901
Custo ó 31 de decembro de 2012	123.627	496.570	11.564.528	133.418	923.258	13.241.401
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2012	-	(189.370)	(9.043.471)	(76.321)	(788.821)	(10.097.983)
Amortizacións	-	(35.081)	(382.063)	(9.386)	(32.900)	(459.430)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2012	-	(224.451)	(9.425.534)	(85.707)	(821.721)	(10.557.413)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2012	123.627	272.119	2.138.994	47.711	101.537	2.683.988

MCS

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(a) Xeral

Determinados axustes menores derivan da consideración como IVE deducible o soportado na adquisición de elementos de inmovilizado no exercicio 2001 a 2005, consideración que foi posible co gallo da sentenza do 6 de outubro de 2005 da Sala Terceira do Tribunal das Comunidades Europeas no asunto C-204/03, no que se declarou non conforme coa Sexta Directiva os artigos 102-uno e 104-dos de acordo coa redacción dada pola Lei 66/1997, de 30 de Decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. A resulta da mesma, a Sociedade instou a devolución dos ingresos indebidos producidos nos exercicios 2001 a 2004 de xeito, que sendo estimada pola AEAT, determinou que houbera que axustar o prezo de adquisición dos elementos afectados (orixinarimente o devandito IVE se considerou maior custo de adquisición o estar financiados con subvencións de capital), e consecuentemente tamén a amortización acumulada, que se tiña feita nos exercicios precedentes sobre a base orixinaria, e a imputación a resultados das devanditas subvencións.

A partida de instalacións técnicas e maquinaria inclúe o dereito de uso sobre os bens adscritos pola Xunta de Galicia á Sociedade e dereitos de uso de infraestrutura de fibra óptica, por importe de 5.321.775 euros e 1.554.342 euros, respectivamente. Os bens adscritos pola Xunta de Galicia atópanse totalmente amortizados a 31 de decembro de 2013 e 2012.

(b) Bens totalmente amortizados

O custo dos elementos do inmovilizado material que están totalmente amortizados e que están en uso o 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Dereitos sobre bens adscritos	5.321.775	5.321.775
Construcións	9.250	9.250
Instalacións técnicas e maquinaria	2.440.262	2.109.085
Outras instalacións, utilaxe e mobiliario	46.085	46.085
Outro inmovilizado	781.073	777.706
	<u>8.598.445</u>	<u>8.263.901</u>

(c) Subvencións oficiais recibidas

Os investimentos realizados pola Sociedade foron financiados na súa meirande parte con cargo ás subvencións de capital recibidas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a financiación específica do seu inmovilizado afecto á realización da súa actividade (véxase nota 15).

(d) Seguros

A Sociedade ten contratadas varias pólizas de seguro para cubrir os riscos os que están suxeitos os elementos do inmovilizado material. A cobertura destas pólizas se considera suficiente.

(7) Arrendamentos operativos

A Sociedade ten arrendado a terceiros dende o exercicio 2007 as dependencias nas que se ubican as súas instalacións en réxime de arrendamento operativo así como de algún dos vehículos utilizados na produción de servizos para terceiros e outra maquinaria.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

O importe total das cotas de arrendamentos operativos recoñecidas como gastos do exercicio 2013 ascenden a 113.905 euros (112.021 euros no exercicio 2012).

Os pagos mínimos futuros por arrendamentos operativos non cancelables son os seguintes:

	Euros	
	2013	2012
Ata un ano	83.575	108.916
Entre un e cinco anos	196.917	262.556
	<u>280.492</u>	<u>371.472</u>

(8) Política e Xestión de Riscos(a) Factores de risco financeiro

As actividades da Sociedade están, en termos xerais, expostas a riscos financeiros: risco de mercado, risco de crédito e risco de liquidez.

(i) Risco de mercado


A Sociedade non se encontra exposta a riscos de mercado significativos por activos non financeiros.

(ii) Risco de crédito

A Sociedade non ten concentracións significativas de risco de crédito. A Sociedade ten políticas para asegurar que as vendas se efectúen a clientes con un historial de crédito adecuado (na súa meirande parte entidades públicas). A corrección valorativa por insolvencias de clientes implica seguimento elevado pola Dirección e a revisión de saldos individuais en base a calidade crediticia dos clientes, tendencias actuais do mercado e análises histórico das insolvencias a nivel conxunto.

(iii) Risco de liquidez

A Sociedade executa unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e valores negociables e a xestión de dispoñibilidade de financiamento.



 A handwritten signature is present at the bottom left of the page, along with some initials and a circled number '12'.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(9) Activos Financeiros por Categorías(a) Clasificación dos activos financeiros por categorías

A clasificación dos activos financeiros por categorías é:

	Euros	
	2013	2012
Préstamos e partidas a cobrar		
Clientes por ventas e prestación de servizos	6.758.096	7.182.363
Outras contas a cobrar	771	1.948
Total activos financeiros	6.758.867	7.184.311

(10) Debedores Comerciais(a) Debedores comerciais e outras contas a cobrar

O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar é como segue:

	Euros	
	2013	2012
<i>Vinculadas</i>		
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	4.584.699	4.933.281
Secretaría Xeral de Medios	870.952	440.492
Outras	2.147	4.567
RTVG e TVG	277.977	496.241
<i>Non vinculadas</i>		
Clientes	2.440.617	2.218.280
Outros deudores	200	200
Personal	571	1.748
Outros créditos con as Administracións Públicas (nota 20)	196.406	185.545
 Correccións valorativas por deterioro	 (1.418.296)	 (910.498)
Total	6.955.273	7.369.856

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(b) Deterioro do valor

O análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito de activos financeiros valorados a custo amortizado é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Saldo inicial	910.498	354.342
Dotacións	528.570	648.293
Aplicacións	(20.772)	(92.137)
Saldo ó 31 de decembro	1.418.296	910.498

(11) Existencias

O detalle do epígrafe de existencias ao 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Materias primas e outros aprovisionamentos	167.515	167.515
Anticipos a provedores	10.490	16.974
Correccións valorativas por deterioro	(167.515)	(167.515)
	10.490	16.974

A Sociedade ten cuberta a obsolescencia dos repostos que mantén (nun sector en rápido avance tecnolóxico) mediante a dotación da oportuna provisión de 167.515 euros.

(12) Periodificacións

O detalle do epígrafe correspondente do balance que se xunta se corresponde con pagos no exercicio 2013 e 2012 por servizos ordinarios de funcionamento (consumos, etc.) da Sociedade correspondentes ós exercicios seguintes.

(13) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O detalle do epígrafe efectivo e outros activos líquidos equivalentes é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Caixa	974	454
Contas correntes en entidades financieras	1.074.017	715.584
Total	1.074.991	716.038

MSJ

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Memoria das Contas Anuais

(14) Fondos Propios

A composición e o movemento do patrimonio neto se presentan no estado de cambios no patrimonio neto.

(a) Capital

O capital social está composto por mil accións nominativas, de única clase e serie, de 60,11 euros de valor nominal cada unha delas. Este capital atópase enteiramente subscrito e desembolsado en orixe pola Xunta de Galicia, que é por tanto accionista único, sen que teña sido notificada á Sociedade transmisión ningunha. As accións da Sociedade non están admitidas a cotización en mercado organizado ningún, non existen ampliacións e/ou conversións en curso, e non se realizaron negocios xurídicos sobre accións propias.

(b) Reservas

(i) Reserva legal

A reserva legal ten sido dotada de conformidade co artigo 214 da Lei de Sociedades Anónimas, que dispón que, en todo caso, unha cifra igual o 10 por 100 do beneficio do exercicio se destinará a incrementar a reserva legal ata que alcance, polo menos, o 20 por 100 do capital social.

Non pode ser distribuída e si é usada para compensar perdas, no caso de que no existan outras reservas dispoñibles suficientes para tal fin, debe ser repostada con beneficios futuros.

(ii) Reservas voluntarias

As reservas voluntarias son de libre disposición.

(c) Outras achegas de socios

As subvencións concedidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) outorgadas para financiar gastos xerais de funcionamento da empresa, e que non se encontran asociadas a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense no patrimonio neto no epígrafe de Outras achegas de socios (véxase nota 4 (g)). O importe concedido durante o exercicio 2012 ascendeu a 120.663 euros. No exercicio 2013 a Sociedade non recibiu ningunha cantidade por este concepto.

R

ACS
(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(15) Subvencións, Doazóns e Legados Recibidos

O movemento das subvencións, donacións e legados recibidos de carácter non reintegrable é como sigue:

	Euros	
	2013	2012
Saldo inicial	1.874.623	2.083.420
Subvencións concedidas no exercicio (neto de efecto fiscal)	93.638	62.285
Axustes por devolución de IVA (neto efecto fiscal)	8.215	21.254
Trasposos á conta de perdas e ganancias (neto de efecto fiscal)	(251.603)	(292.336)
Saldo ó 31 de decembro	<u>1.724.873</u>	<u>1.874.623</u>

O organismo concedente das subvencións de capital foi en todos os casos a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e se destinaron integramente a financiar as adquisicións de inmovilizado especificadas nas notas 5 e 6 da presente memoria, parte das cales encontráanse pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013 (véxase nota 10).

A Sociedade durante o exercicio 2013 tamén recibiu unha subvención de explotación por parte do CDTI (Fondos FEDER Interconecta) por importe de 3.753 euros rexistrada no epígrafe de outros ingresos de explotación da conta de perdas e ganancias.

(16) Provisións

O saldo de provisións ao 31 de decembro de 2012 por importe de 18.300 euros foi aplicado no exercicio 2013.

(17) Pasivos Financeiros por Categorías(a) Clasificación dos pasivos financeiros por categorías

A clasificación dos pasivos financeiros por categorías se mostra de seguido:

	Euros	
	2013	2012
Debitos e partidas a pagar		
Outros pasivos financeiros	124.952	75.272
Provedores	6.598.018	7.116.461
Outras contas a pagar	113.017	295.857
Total pasivos financeiros	<u>6.835.987</u>	<u>7.487.590</u>

(18) Débedas Financeiras e Acredores Comerciais(a) Débedas

O saldo a 31 de decembro de 2013 e 2012 do epígrafe de outros pasivos financeiros corresponden integramente a débedas cos provedores de inmovilizado, sendo o seu vencemento a menos de un ano.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(b) Acredores Comerciais e Outras Contas a Pagar

O detalle de acredores comerciais e outras contas a pagar é como segue:

	Euros	
	2013	2012
	<u>Corrente</u>	
<i>No vinculadas</i>		
Acredores por prestación de servizos	6.598.018	7.116.461
Débedas co persoal	112.704	210.885
Débedas coas Administracións Públicas (nota 20)	377.666	195.262
Anticipos de clientes	313	84.972
Total	7.088.701	7.607.580

(19) Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo"

A información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores preséntanse a continuación:

	2013		2012	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal	1.426.056	14,88	2.164.314	28,16
Resto	8.156.853	85,12	5.520.119	71,84
Total de pagos do exercicio	9.582.909	100	7.684.433	100
PMPE (días) de pagos	81		59	
Aprazamentos que á data de peche sobrepasan o prazo máximo legal	2.850.485		342.335	

A disposición transitoria segunda establece o réxime de cumprimento gradual, en consecuencia, a información referida ó exercicio 2013 calculouse en base o prazo legal de 30 días (45 para o exercicio 2012).

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(20) Situación Fiscal

O detalle dos saldos coas Administracións Públicas é como segue:

	Euros			
	2013		2012	
	Non corrente	Corrente	Non corrente	Corrente
Activos				
Activo por imposto diferido	42.017	-	-	-
Subvencións	-	137.507	-	88.978
Activo por imposto corrente		58.899		96.567
	<u>42.017</u>	<u>196.406</u>	<u>-</u>	<u>185.545</u>
		(nota 10)		(nota 10)
Pasivos				
Pasivos por imposto diferido	738.950	-	803.131	-
Pasivo por imposto corrente	-	130.403	-	-
Imposto sobre o valor engadido, IRPF e similares	-	193.111	-	138.802
Seguridade Social	-	54.152	-	56.460
	<u>738.950</u>	<u>377.666</u>	<u>803.131</u>	<u>195.262</u>
		(nota 18)		(nota 18)

Activo por imposto corrente a 31 de decembro de 2013 inclúe principalmente o importe de 58.831 euros correspondentes a o imposto de sociedades do exercicio 2012.

Activo por imposto corrente a 31 de decembro de 2012 ademáis da parte pendente de cobro correspondente ó imposto de sociedades do exercicio 2012 por importe de 58.831 euros, incluía 37.736 euros correspondentes a un imposto de sociedades de exercicios anteriores cobrado o 8 de febreiro de 2013.

Activo por imposto diferido inclúe o 30% da amortización do exercicio 2013 non deducible fiscalmente que a Sociedade poderase deducir a partir do exercicio 2015.

O pasivo por imposto diferido corresponde o efecto fiscal das subvencións de capital rexistradas formando parte do patrimonio neto (véxase nota 15).

A Sociedade ten pendentes de inspección polas autoridades fiscais os seguintes exercicios dos principais impostos que lle son aplicables:

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2009-2013
Imposto sobre el Valor Engadido	2010-2013
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2010-2013
Seguridade Social	2010-2013

Tras a sentenza de 6 de outubro relativa a aplicación da regra da prorrata no caso de suxeitos pasivos que perciban subvencións, a Sociedade solicitou e obtivo no exercicio 2008 a devolución dos ingresos indebidamente realizados no exercicio 2004 por importe de 99.327 mais os correspondentes xuros, importe que a Sociedade tiña correctamente ingresados en base á lexislación vixente a o tempo da liquidación e que, a resultados da devandita sentenza, hoxe xa non era conforme a dereito.

Handwritten signatures and initials, including "ABS" and a large scribble.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

Como consecuencia, entre outras, das diferentes posibles interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían xurdir pasivos adicionais como resultado dunha inspección. En todo caso, os Administradores da Sociedade consideran que devanditos pasivos, caso de producirse, non afectarían significativamente ás contas anuais.

A conciliación entre o importe neto dos ingresos e gastos do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2013 y 2012 e a base imponible, así como o importe da conta a pagar por imposto sobre sociedades é como segue:

	2013						Total
	Euros						
	Conta de pérdidas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
Aumentos	Disminucións	Neto	Aumentos	Disminucións	Neto		
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	349.536	-	349.536	(251.603)	101.853	(149.750)	199.786
Imposto sobre Sociedades	149.801	-	149.801	(107.830)	43.650	(64.180)	85.621
Diferencias temporarias							
Con orixe no exercicio	140.056	-	140.056	359.433	(145.503)	213.930	353.986
Base imponible, resultado fiscal			639.393				<u>639.393</u>
Cuota ao 30%							191.818
Retencións e pagos a conta							<u>(61.415)</u>
Imposto sobre sociedades a pagar/ (devolver)							<u>130.403</u>

	2012						Total
	Euros						
	Conta de pérdidas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
Aumentos	Disminucións	Neto	Aumentos	Disminucións	Neto		
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	53.285	-	53.285	(292.336)	204.202	(88.134)	(34.849)
Imposto sobre Sociedades	74.617	-	74.617	(125.287)	35.802	(89.485)	(14.868)
Diferencias temporarias							
Con orixe no exercicio	-	-	-	417.623	(119.341)	298.282	298.282
Base exenta	-	158	158	-	-	-	158
Base imponible, resultado fiscal							<u>248.723</u>
Cuota ao 30%							- 74.617
Retencións e pagos a conta							<u>(133.448)</u>
Imposto sobre sociedades a pagar/ (devolver)							<u>(58.831)</u>

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Memoria das Contas Anuais

A relación existente entre o gasto por imposto sobre beneficios e o beneficio do exercicio detallase a continuación:


	Euros	
	2.013	2.012
Saldo de ingresos e gastos do exercicio antes de impostos	499.337	248.723
Imposto o 30%	149.801	74.617
Gasto por imposto sobre beneficios	149.801	74.617

O detalle do gasto por imposto sobre beneficios é como segue:

	Euros	
	2.013	2.012
Imposto corrente	191.818	74.617
Imposto diferido	(42.017)	-
	149.801	74.617

(21) Información Medioambiental

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, provisións nin continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados. Por isto, non se inclúen desagregacións específicas na presente Memoria das Contas Anuais respecto a información de cuestións medioambientais.



(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(22) Saldos e Transaccións con Partes Vinculadas(a) Transaccións da Sociedade co Accionista único

A Sociedade celebrou e executou no exercicio 2013 e 2012 contratos coa Xunta de Galicia (socio único) e coa Axencia para a Modernización e Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a prestación dos seguintes servizos:

	Euros	
	2013	2012
Investimento e programa de comunicación en relación coa TDT	1.023.110	738.160
Plan de Banda Larga	3.446.830	4.768.576
Conexión de circuitos Gbps Backup	342.177	-
Outras conexións	5.488	5.334
	<u>4.817.605</u>	<u>5.512.070</u>

A Sociedade realizou transaccións (prestacións de servizos principalmente) coas sociedade vinculada Radio Televisión de Galicia, Televisión de Galicia e Compañía Radiotelevisión de Galicia no exercicio 2013 por importe de 2.760.305 euros (2.684.157 euros no exercicio 2012).

(b) Información relativa os Administradores e persoal de alta Dirección da Sociedade


Durante o exercicio 2013 os Administradores da Sociedade devengaron remuneracións por todos os conceptos por importe de 4.342 euros (10.461 euros no exercicio 2012).

Os Administradores e os membros da Alta Dirección non teñen concedidos anticipos ou créditos e non se asumiron obrigacións por conta deles a título de garantía. Así mesmo a Sociedade non ten contraídas obrigacións en materia de pensións e de seguros de vida con respecto a antigos ou actuais Administradores da Sociedade nin membro da Alta Dirección.

O importe das remuneracións devengadas no exercicio 2013 polo persoal da Alta Dirección ascende a 107.737 euros (124.030 euros no exercicio 2012).


(c) Participacións e cargos dos Administradores noutras sociedades


En cumprimentos cos artigos 229 e 230 da Ley de Sociedades de Capital detállanse a continuación as participacións dos Administradores da Sociedade e das persoas vinculadas ós mesmos en empresas cuxo obxecto social é análogo, similar ou complementario o desenvolvido pola Sociedade, así como os cargos, funcións e actividades desempeñados e realizados por eles nas mesmas.


 (Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Memoria das Contas Anuais

Administrador	%	Sociedade	Obxecto social	Cargo
Mauro Fernández Dabouza Miguel Rodríguez Barrio	100%	Taivolan, S.L.N.E Compañía Radio Televisión de Galicia e Televisión de Galicia, S.A.U.	Todas as actividades Telecomunicacións A definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no campo das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.	Administrador Único Director Xerente de planificación e Administración Xeral
María del Mar Pereira Álvarez	-	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)		Directora







(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Memoria das Contas Anuais

(23) Ingresos e Gastos(a) Importe neto da cifra de negocios

O detalle do importe neto da cifra de negocios por categorías de actividades ao 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Ingresos transporte de sinal de TV	3.447.241	3.590.058
Ingresos transporte de sinal de radio	427.836	415.779
Ingresos por enlaces	51.153	58.647
Outros (inclúe os contratos co socio único)	7.430.688	8.338.703
	<u>11.356.918</u>	<u>12.403.187</u>

(b) Aprovisionamentos

O detalle dos Consumos de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Consumo de materias primas e outros		
Compras nacionais	4.495.511	5.269.594
	<u>4.495.511</u>	<u>5.269.594</u>

(c) Cargas sociais

O detalle das cargas sociais é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Seguridade Social a cargo da empresa	550.713	521.041
Outros gastos sociais	26.026	32.130
	<u>576.739</u>	<u>553.171</u>

(Continúa)

(d) Outros Resultados

O detalle doutros resultados é como segue:

	Euros	
	2013	2012
Outros gastos	(11.735)	(14.355)
Outros ingresos (regularizacións de saldos)	235.197	-
	<u>223.464</u>	<u>(14.355)</u>

(24) Información sobre o persoal


O número medio de empregados da Sociedade durante os exercicios 2013 e 2012, desglosado por categorías, é como segue:

	Número	
	2013	2012
Directivos	2	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	9	9
Administrativos	4	4
Outros	32	33
	<u>47</u>	<u>48</u>

A distribución por sexos no final do exercicio do persoal da RPT é como segue:

	2013		2012	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Directivos	-	2	-	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	2	7	2	7
Administrativos	2	2	2	2
Outros	2	33	2	32
	<u>6</u>	<u>44</u>	<u>6</u>	<u>43</u>

Por outra banda, os membros do consello de administración da Sociedade a 31 de decembro de 2013 e 2012 está composto por 6 membros, dos cais 3 son homes.


 MSS

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Memoria das Contas Anuais

(25) Litixios

Durante o exercicio 2013 a Sociedade viuse inmersa na decisión da Comisión Europea relativa á axuda estatal SA.28599 (C 23/2010 (ex NN 36/2010, ex CP 163/2009)) concedida polo Reino de España para o despliegue da televisión dixital terrestre nas zoas remotas e menos urbanizadas (excepto en Castilla-La Mancha) na que se cuantifica a cantidade da axuda ilegal á Sociedade nun importe de 17.086.636 euros. Frente esta situación a Sociedade inicia un procedemento xudicial contra a Comisión Europea cuxo obxecto é a impugnación da decisión da Comisión Europea sendo o último acto do proceso a presentación de réplica con data 15 de xaneiro de 2014. A Sociedade considera que a súa demanda debe ser estimada nos seguintes termos:

- Que admita e estime os motivos de anulación plantexados nesta demanda;
- Que anule a decisión impugnada no sentido de declara que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia as actuacións non han constituído unha axuda de estado ilegal;
- Subsidiariamente para o caso de non estimar a petición anterior, anule a decisión impugnada no sentido de declarar que a Sociedade non é beneficiario directo nin indirecto dunha axuda de estado ilegal.

A Sociedade considera que hai argumentos ó seu favor para a desestimación da citada reclamación e estiman que hai motivos para que durante o proceso de recuperación se estime correcto o criterio da Xunta de Galicia segundo o cal o importe a devolver sería de cero euros.

(26) Honorarios de Auditoría

KPMG Auditores S.L. e o resto das empresas coas que mantén algún dos vínculos aos que fai referencia a lexislación vixente devengaron honorarios e gastos por servizos profesionais relacionados coa auditoría por importe de 10.250 euros (10.250 euros en 2012). Este importe correspondese coa totalidade dos honorarios relativos á auditoría das Contas Anuais correspondentes os exercicios 2013 e 2012, con independencia da súa facturación.

(27) Feitos posteriores

Non se produciron feitos posteriores significativos con posterioridade ao peche do exercicio.

MSS
(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Informe de xestión

INFORME DE XESTIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., é a sociedade mercantil pública da Xunta de Galicia que ten por obxecto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

Durante o ano 2013, a actividade empresarial de Retegal estivo caracterizada pola continuidade de actuación en dous fitos de grande transcendencia social:

- **Plan Director de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia.**- Con data 18 de febreiro de 2010, o Consello da Xunta aprobou o Plan Director de Banda Larga 2010-2013, que constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas teñan acceso de calidade á banda larga como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia. Este Plan Director de Banda Larga 2010-2013 contempla a "Potenciación das infraestruturas públicas de telecomunicación" e, en concreto, o fortalecemento do operador público Retegal, dotándoo de medios e capacidades que permitan reducir os custos e acelerar o despregamento da banda larga, favorecendo ao mesmo tempo a presenza dos operadores privados en igualdade de condicións para a prestación de servizos e que permitan, polo tanto, unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia.

Por Resolución da secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, de data 10 de maio de 2010, modificada por Resolución do 26 de abril de 2011, e por Resolucións da Axencia para a Modernización de Galicia, de data 3 de maio de 2012 e 27 de setembro de 2013, encomendouse a Retegal, na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, a execución dun programa de investimentos para o desenvolvemento das redes troncais e infraestruturas públicas necesarias para garantir a banda larga en Galicia, de conformidade co establecido no Plan Director de Banda Larga 2010-2013 aprobado nesta Comunidade Autónoma

- **Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal.** Dentro das actuacións do Plan de Banda Larga, pola súa especial transcendencia, merece especial mención este Plan sectorial que, redactado e sometido a exposición pública no ano 2012, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data dous de maio de 2013

MS5
B

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Informe de xestión

mediante resolución do vinte de maio de 2013, sendo publicada no Diario Oficial de Galicia de data 17 de xuño de 2013. Este Plan constitúe un instrumento para a ordenación territorial das infraestruturas xestionadas por Retegal, facilitando o despregamento de novas redes e servizos na Comunidade Autónoma.

Ao amparo do Plan Sectorial, no 2014, Retegal acometerá a execución de diversos proxectos sectoriais para a construción de novas infraestruturas de telecomunicación dentro dos obxectivos do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia.

- **Rede de Comunicacións Móviles de Emerxencia da Xunta de Galicia.** No 2013 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), conxuntamente coa entidade pública Red.es, licitou a Rede de Comunicacións Móviles de Emerxencia da Xunta de Galicia, iniciándose no mesmo ano o seu despregamento.

Esta rede, integrada inicialmente por 75 estacións de cobertura e dous centros de control, utilizará as infraestruturas e recursos de rede de transporte de Retegal, o que permite un considerable aforro, non soamente en canto aos investimentos iniciais, senón tamén no referente aos custes recorrentes de explotación. Retegal, no 2014 non soamente debe acometer o reto da adecuación de infraestruturas e integración do novo equipamento na súa rede de transporte, senón tamén, a complexa tarefa da explotación e xestión do servizo de comunicacións móbiles. Esta xestión supón un reto para Retegal, tanto pola importancia e transcendencia do servizo prestado, como polos diversos perfís dos usuarios e o cambio de modo de operación que para eles supón o dispor dunha rede de última tecnoloxía e prestacións avanzadas.

Xa en detalle, as actuacións máis destacadas ao longo do ano 2013 foron:

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.
Informe de xestión

I. TELEVISIÓN

1.- Múltiple Autonómico de TDT.

Retegal facilita unha cobertura poboacional superior ao 96 %, con 140 centros operativos, cumprindo sobradamente cos obxectivos de cobertura poboacional establecidos polo Real Decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, para o múltiple autonómico. Non se pode obviar que, nunha Comunidade Autónoma como é a de Galicia, cunha alta dispersión poboacional e difícil orografía, a referida porcentaxe de cobertura supón un logro difícil de acadar.

Ao longo do ano 2013, Retegal operou e mantivo a rede oficial de difusión do múltiple autonómico, con índices de continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente cos seus clientes: Televisión de Galicia, Voz TV e Popular TV. Débese salientar que Popular TV, por decisión propia, cesou as súas emisións o día 31 de xullo de 2013.

No ano 2013 renovouse a cabeceira de codificación e distribución do múltiple autonómico, dotándoa de novos codificadores de maiores prestacións e con capacidades de Alta Definición (HD), mellorando tamén o sistema de redundancia tanto no referente á codificación e xeración do múltiples como á distribución deste aos distintos centros de difusión.

En canto á rede de difusión do múltiple autonómico, renováronse un total de 17 equipos de transmisión, catro deles de alta potencia (1 KW). Os equipos adquiridos, especialmente os de alta potencia, teñen unha alta eficiencia enerxética o que permitirá un aforro moi significativo nos custes de explotación de RETEGAL.

2.- TVE e Múltiples SFN.

Múltiple estatal (RGE).- En virtude do contrato asinado con Abertis-Telecom, continuouse coa prestación dos servizos para a extensión da cobertura da rede RGE (Televisión Española) na Comunidade Autónoma de Galicia obténdose, deste modo, uns índices de cobertura poboacional superiores aos tradicionalmente acadados nos despregamentos planificados e costeados polos operadores de televisión estatal.

Ademais, Retegal vén prestando o servizo de difusión do múltiple público RGE-2 en 10 dos seus centros.

Handwritten notes and signatures:

- A checkmark symbol.
- The text "MSS" written above a horizontal line.
- A signature on the left.
- A signature on the right.

3.- TDT Local

En 2013 Retegal prestou, sempre con excelentes índices de continuidade, os servizos de codificación, multiplexación, contribución e difusión dos múltiples de TDT local de Ribeira, Santiago, e Vigo.

II. SERVIZOS DE CONECTIVIDADE E TRANSPORTE

Ao longo do ano 2013, continuouse coa prestación dos servizos de conectividade á Xunta de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Rede de Telecentros e outros departamentos institucionais). Así mesmo, estableceuse unha dobre conexión entre o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI) situado na Cidade da Cultura e a sede do central do Goberno Galego en San Caetano.

Mantivéronse os servizos prestados ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e a outros operadores privados.

Dentro das actuacións destinadas a mellorar a integridade e robustez da súa rede, Retegal acometeu a ampliación da capacidade de rede e a migración da tecnoloxía ATM a MPLS, o cal supuxo:

- o A extensión de servizos en tecnoloxía MPLS a 15 centros de Retegal.
- o Ampliación do nodo MPLS do centro de telecomunicacións de Noia.
- o Extensión dos servizos MPLS IP a 15 centros.
- o Migración a tecnoloxía IP na distribución do sinal a 20 centros de TDT.

III. INFRAESTRUTURAS

Dentro das actuacións contempladas no Plan Director de Banda Larga en materia de obra civil e infraestruturas básicas destacan:

- Construción de 4 novas torres en centros existentes.
- Construción de 44 novos centros, incluída caseta e torre.
- Construción de 36 liñas eléctricas.
- Remodelación do centro de Negueira de Muñiz (caseta e torre).
- Reforzo de 8 torres existentes.
- Instalación de 6 cadros eléctricos rearmables.
- Subministración e instalación de 47 sistemas de rectificación.

- Instalación de casetas en 7 centros situados en polígonos industriais.

IV. CENTRO DE XESTION E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR) E CENTRO DE OPERACIÓNS (CdO).

Dentro do proceso de mellora operativa da empresa, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Operación integral da rede de TDT.
- Integración do equipamento en produción na plataforma de monitorización.
- Automatización da xeración e envío de informes de operación.
- Implantación dun novo modelo de loxística e xestión de almacén.
- Deseño e implantación dun novo modelo de gardas.

Como indicadores do labor realizado por este centro, sirvan os seguintes:

- Xestión de 3.089 incidencias e 6.273 intervencións.
- Xestión de 1.347 accesos a centros (solicitude, confirmación e seguimento)

V. ORGANIZACIÓN.

No ano 2013 Retegal instaurou un novo modelo organizativo, conforme cos modelos e estándares habituais en operadores de telecomunicacións. Este modelo susténtase en dous piares fundamentais:

- Orientación a servizo.
- Xestión orientada a proceso.


A implantación deste modelo supuxo unha reestruturación do traballo dentro da empresa, que se caracteriza pola segregación entre as funcións de enxeñería e operacións, orientando as operacións a servizo. Así mesmo este modelo implica un cambio no modelo relacional cos clientes tanto no referente á provisión inicial do servizos como ás comunicacións unha vez consolidades estes.

VI. CALIDADE E PROCESOS.

A implantación da nova estrutura esixiu a definición dun modelo de xestión orientado a procesos, para o cal se definiu un Mapa de Procesos de RETEGAL, mapa que pola propia natureza da empresa está en constante proceso de evolución e mellora.

Así no ano 2013 non soamente se actualizaron procesos como o de xestión de traballos programados, senón que se definiron outros tales como: xestión de problemas, xestións de mantemento, xestión de calidade de servizos e oportunidades de contratación.

En canto á certificación do CEXAR conforme á norma UNE-EN ISO 9001:2008, no ano 2013 mellorouse o alcance e certificación da mesma.



 Handwritten initials and signatures, including the letters 'ABS' and several scribbled-out marks.

Entre os obxectivos para 2014 está o desenvolvemento dunha memoria de responsabilidade social corporativa (RSC).

VII. ACCIÓNS CON CLIENTES.

O novo modelo organizativo ten entre outros obxectivos potenciar a acción comercial e de comunicación de Retegal. Así entre as actuacións realizadas no 2013 destacan:

- Actualización do catálogo de produtos e servizos e tarifas asociadas.
- Análise das condicións de servizo para as novas concesións de FM
- Acordos de comunicación e modelos de relación cos diferentes clientes (Radio e Televisión Galegas, V TV e outros operadores).
- Oferta en calidade de operador neutro para operadores en relación a licitación da rede de telecomunicacións multiservizo de grandes redes corporativas.
- Servizo de rede troncal de backup da Xunta de Galicia.
- Servizo de conectividade ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).
- Encomenda da secretaría xeral de Medios para o programa de investimentos necesarios para a mellora da rede de difusión do múltiple dixital público autonómico de televisión
- Participación en actividades do Clúster TIC.
- Organización reunión anual asociación UNIREGAL en Santiago.

VIII. NORMALIZACIÓN TÉCNICA E OUTROS PROXECTOS.

Como continuación do labor de regularización de frecuencias de radioenlaces iniciada en anos anteriores, durante o ano 2013 Retegal realizou un estudo para a replanificación da topoloxía da rede de radioenlaces, atendendo tanto á posta en servizo dos novos tramos de fibra óptica como á demanda media de capacidade polos seus clientes. Este estudo permitirá reducir o importe das taxas que Retegal ten que aboar polo uso do espectro radioeléctrico.

Por outra banda, a Xunta de Galicia por medio da secretaría xeral de Medios (DOG de 30 de xullo de 2012) convocou un concurso público polo que se outorgarán 84 novas licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na comunidade autónoma galega no Plan Técnico Nacional do ano 2006, concurso que foi resolto segundo mediante *RESOLUCIÓN do 5 de agosto de 2013, da secretaría xeral de Medios, pola que se dá publicidade ao outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia*, publicada no DOG número 155 do 14 de agosto de 2013.

No seu momento, Retegal, como operador de telecomunicacións, puxo a disposición dos posibles licitadores, en igualdade de condicións, os seus emprazamentos e servizos de rede.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Informe de xestión

Adxudicado o concurso, Retegal realizou unha análise técnica económica para diversas modalidades de servizo que ofertou aos distintos adxudicatarios.

IX. NOVAS TECNOLOXÍAS.

No ano 2013, Retegal continuou cos estudos relativos ás novas tecnoloxías e servizos a implementar sobre a televisión dixital terrestre, entre os que cabe destacar a Alta Definición (HD), televisión híbrida, implantación de subtítulos e televisión en mobilidade.

Estudios que tiveron a súa realización práctica na implementación sobre o múltiple de TDT autonómico do sistema de subtítulos e aplicacións HBBTV na canle principal da TVG.

No ano 2013 RETEGAL incorporou un novo servizo diferencial de TV interactiva na segunda canle da Televisión de Galicia.

Mención especial requiren os proxectos Videoguard e GREEN, cofinanciados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) dentro do programa *FEDER – ININTERCONECTA*, nos que RETEGAL participa formando parte dun consorcio con outras empresas, e que se mencionan nun apartado específico desta memoria.

PREVISIÓNS PARA O EXERCICIO 2014


No 2014 a actividade de Retegal estará marcada de novo pola televisión dixital terrestre e polo Plan Director de Banda Larga da Xunta de Galicia, ao que haberá de engadir o despregamento da rede dixital de comunicacións móbiles de emerxencia da Xunta de Galicia.

No ámbito do Plan Director de Banda Larga da Xunta de Galicia, Retegal debe continuar cos investimentos previstos no proxecto presentado ante a Administración Autonómica, que abrangue construción de vinte e seis novos centros, a construción de 54 acometidas eléctricas e a adquisición de 41 sistemas de alimentación en corrente continua. A disposición de novas infraestruturas e dunha rede de transporte de maior capacidade e capilaridade permitirá a Retegal incrementar a oferta de servizos aos seus clientes.

En canto á televisión dixital terrestre, pola súa transcendencia social e económica requiren especial mención as actuacións derivadas da liberación da banda de frecuencias 790-862 MHz, coñecido como o "dividendo dixital", que deberán ser realizadas conforme ao que estableza o plan de actuacións pendente de aprobación polo Goberno do Estado. Estas actuacións, para as redes que xestiona Retegal, comprenderá o cambio de canle de emisión nas provincias de Ourense e A Coruña.

Destacar que, nos centros de grande cobertura poboacional, para non deixar sen servizo aos cidadáns, estes cambios deben facerse mantendo en simultaneidade durante un período de tempo as emisións nas antigas e novas canles (simultcast).

MSS



Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Informe de xestión

Estes cambios suporán un elevado incremento da carga de traballo en canto a planificación, adquisición, instalación e posta en operación dos novos múltiples que implicará a todos os departamentos da compañía.

A Xunta de Galicia, aproveitando as infraestruturas e elementos de rede do operador público Retegal, está a despregar a rede dixital de comunicacións móbiles de emerxencia baseada no estándar TETRA (Terrestrial Trunked Radio), RETEGAL que participou activamente tanto na elaboración das prescricións técnicas e planificación, está agora participando no seguimento do despregamento e posta en operación desta rede. Esta rede de emerxencias, non soamente requirirá a achega de recursos de infraestrutura, tanto civil como de transporte, por parte de RETEGAL, senón tamén os recursos técnicos e humanos para a súa xestión e garantía do servizo.

XESTIÓN DE RISCOS FINANCEIROS

Retegal presta servizos, maioritariamente, ao sector público autonómico e a operadores de telecomunicacións consolidados no mercado. Por esta razón, e malia situación económica, ao tratarse dun mercado estable, non se agardan maiores riscos ou incertezas cos intrínsecos ao sector, dentro da súa actividade.

A sociedade non utiliza instrumentos financeiros que afecten de forma relevante á valoración dos seus activos, pasivos, situación financeira e resultados.

A sociedade non se encontra exposta a riscos de mercado significativos por activos non financeiros, nin ten concentracións significativas de risco de crédito.

A sociedade executa unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e valores negociables e a xestión de dispoñibilidade de financiamento.

ACCIONS PROPIAS

Non se produciron adquisicións de accións propias no exercicio 2013.

INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Retegal na actualidade ten dúas liñas de subvención do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) dentro do programa *FEDER – ININTERCONECTA*, para o desenvolvemento, en colaboración con outras empresas:

- Proxecto de *Xestión e monitorización da eficiencia espectral e enerxética dun operador de telecomunicacións (GREEN)*. Cun período de execución 2012-2014.

A actividade desenvolvida neste proxecto no ano 2013 foi:

- o Certificouse con éxito a anualidade do 2012.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Informe de xestión

- o Implementáronse sistemas de enerxías telexestionados de maior eficiencia enerxética.
- o Definición de requisitos para un software de control de enerxía de un centro de telecomunicacións.
- Deseño de hardware para a realización de medidas de tensión e corrente e a súa integración no sistema xestor de infraestruturas de RETEGAL. Validación de solucións técnicas construtivas en centros de telecomunicacións. Proxecto de *Videovixilancia costeira mediante o análise de vídeo intelixente (Videoguard)*. Cun período de execución 2013-2014.

A actividade desenvolvida neste proxecto no ano 2013 foi:

- o Selección de escenarios para probas piloto.
- o Análise en gabinete e verificación en campo de visibilidade de zonas de interese dende emprazamentos de RETEGAL.
- o Análise de infraestruturas e equipamento necesario
- o Selección da localización para a instalación da infraestrutura para vixilancia a curta distancia en porto.

ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE

Non hai ningún acontecemento posterior ao peche do exercicio 2013 que puidese afectar ás contas anuais que se achegan.

Handwritten marks and signatures at the bottom left of the page, including a circled 'A', a signature, and the text 'MSS'.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Dilixencia de asinaturas

Exercicio 2013

Reunidos os Administradores da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A., con data 25 de marzo de 2014 e en cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 253.2 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital e no artigo 37 do Código de Comercio, proceden a formular as contas anuais e o informe de xestión do exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e 31 de decembro de 2013, que se presentan da seguinte forma:

1. As contas anuais (Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios no patrimonio neto, Estado de Fluxos de Efectivo e Memoria) comprende 35 páxinas.
2. O Informe de Xestión comprende 9 páxinas


Asinantes:




Asdo: D^a. María del Mar Sánchez Sierra




Asdo: D^a. María del Mar Pereira Álvarez




Asdo: D. Miguel Rodríguez Barrio




Asdo: D. Mauro Fernández Debouza



Asdo: D. Ignacio José Otero López



Asdo: D^a. Belén Ferreiro Esteban



Asdo: D. Enrique González Murga

